

DECRETO NÚMERO 415/09 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DICTADA POLA TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.

ILMA. SRA. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO.

Lugo, trinta de abril de dous mil nove.

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DENDE O NÚCLEO DE BOCAMAOS Á ESTRADA LU-234. OBRA 09FEIL23. FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL. ELEVACIÓN A DEFINITIVA DA ADXUDICACIÓN PROVISIONAL.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- Informe proposta do Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento de data 13 abril de 2009, no cal, na súa parte expositiva, se fai constar:

*“1.- Decreto da alcaldía do Libro de Resolucións en Materia de Contratación, Patrimonio e Fomento número 39/2009, de data 13 de febreiro de 2009 polo que se aprobou a contratación **DA OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DENDE O NÚCLEO DE BOCAMAOS Á ESTRADA LU-234. OBRA 09FEIL23. FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL** así coma o proxecto técnico e os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas. No mesmo acordo aprobouse o gasto de 70.309,29 € con cargo á partida 5111.61211 do vixente Orzamento xeral, e a súa adjudicación por procedemento negociado.*

*2.- Acta da Mesa de Contratación de data 2 de marzo de 2009 na que se procedeu á apertura das ofertas presentadas polas mercantís **HERMANOS PICOS YÁÑEZ, S.L., ASOGAL CONSTRUCCIONES, S.L., T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L., EXCAVACIONES R. LAGO, S.L. e PORTOSAR GALICIA, S.L.** segundo consta no informe do Negociado de Rexistro de data 25 de febreiro. Unha vez examinados os sobres que contiñan a documentación administrativa e a oferta económica, os membros da Mesa acordan conceder á empresa **HERMANOS PICO YÁÑEZ. SL.** un prazo de tres*

PLANIFICACION Y CONTROL

MLA/erg

Ref: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23.doc

Asunto: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23

días hábiles para que por parte da mesma proceda a achegar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica.

3.- Acta da Mesa de Contratación do día 4 de marzo de 2009, na que logo do informar a Sra. Presidenta da mesa da subsanación da documentación relativa ao cumprimento da solvencia económica e técnica por parte da empresa HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L., os integrantes da mesma acordan coa abstención do BNG propoñer a adjudicación provisional do contrato de referencia á mercantil HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L. que presenta a mellor proposta nos dous criterios de negociación que establece o prego de cláusulas administrativas particulares que son a cantidade destinada a melloras no contrato e o número de traballadores adscritos á obra e os novos a contratar para a execución da mesma, propoñendo como como prezo do contrato a cantidade de 70.309,29 euros, IVE incluído, unha cantidade destinada a melloras no contrato de 492,16 euros. Comprométese a empregar a 10 traballadores para a realización da referida obra, dos cales 3 serán novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da LXSS e conforme á táboa que achega.

4.- Informe da Intervención Xeral Municipal de data 16 de marzo de 2009 relativo á fiscalización da fase de adjudicación provisional, código proxecto gasto 09feil23. Refª 29/09 RC nº 4250/09 e A nº 7544/09 por importe de 70.309,29 €.

*5.- Decreto número 215/2009 de data 23 de marzo de 2009 polo que se aprobou a adjudicación provisional da **OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DENDE O NÚCLEO DE BOCAMAOS Á ESTRADA LU-234. OBRA 09FEIL23. FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL** á mercantil HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L. co C.I.F. B-27.150.572, e con domicilio en Santa Cristina, 10.- 27377 Cospeito (Lugo), nun prezo de 70.309,29 € IVE incluído, e unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 492,16 €, e co compromiso de empregar a 10 traballadores para a realización das obras, dos cales 3 serán novos traballadores en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social, conforme á seguinte táboa:*

<i>PERSOAL XA CONTRATADO (10)</i>			<i>PERSOAL A CONTRATAR (0)</i>			<i>TOTAL</i>
<i>Categoría laboral</i>	<i>Duración Contrato laboral</i>	<i>Dedicación horaria</i>	<i>Categoría laboral</i>	<i>Duración contrato laboral</i>	<i>Dedicación horaria</i>	
<i>Palista</i>	<i>INDEF.</i>	<i>8 horas</i>	<i>Peón</i>	<i>Un mes</i>	<i>8 horas</i>	<i>10</i>

PLANIFICACION Y CONTROL

MLA/erg

Ref: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23.doc

Asunto: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23

E cun prazo de execución de UN MES contado a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, debendo concluír antes do día 1 de xaneiro de 2.010.

6.- Anuncio de adjudicación provisional do contrato, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 071, de data 28 de marzo de 2009 e no perfil de contratante do Concello de Lugo.

7.- Documentación presentada polo adxudicatario, así coma constitución de garantía definitiva por medio de aval prestado pola entidade Crédito y Caución pola cantidade de 3.030,57 €."

2.- Informe da Intervención Xeral Municipal (Ref^o 304/2009), emitido o 29 abril de 2009, Código proxecto gasto 09FEIL23, de fiscalización da proposta de adjudicación definitiva da contratación de referencia.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribucións conferidas á Tentada de Alcalde Delegada da área de Economía e Emprego en virtude do acordo 24/1174 da Xunta de Goberno Local, adoptado na sesión do do 3 de decembro de 2008 para a aprobación de proxectos de obras públicas, expedientes de contratación, autorizacións e compromisos de gastos, adjudicacións provisionais e definitivas e medidas para a axilización da tramitación dos procedementos de contratación derivados de actuación que se financien con cargo ó Fondo de Investimento Municipal creado por Real Decreto lei do Consello de Ministros, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Elevar a definitiva a adjudicación provisional do procedemento negociado convocado para a realización da **OBRA DE MELLORA DA CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DENDE O NÚCLEO DE BOCAMAOS Á ESTRADA LU-234. OBRA 09FEIL23. FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL** á mercantil HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L. co C.I.F. B-27.150.572, e con domicilio en Santa Cristina, 10. 27377 Cospeito (Lugo), nun prezo de 70.309,29 € IVE incluído, e unha cantidade destinada a melloras relacionadas co obxecto do contrato de 492,16 euros así como a abriga de empregar 10 traballadores para a realización das obras, dos cales 3 serán novos traballador en situación legal de desemprego de conformidade co artigo 208 da Lei Xeral da Seguridade Social, conforme á seguinte táboa:

PERSOAL XA CONTRATADO (10)			PERSOAL A CONTRATAR (0)			TOTAL
Categoría laboral	Duración Contrato laboral	Dedicación horaria	Categoría laboral	Duración contrato laboral	Dedicación horaria	
Palista	INDEF.	8 horas	Peón	Un mes	8 horas	10

PLANIFICACION Y CONTROL

MLA/erg

Ref: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23.doc

Asunto: Decreto adjudicación definitiva obra 09feil23

E cun **prazo de execución de UN MES** contado a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, debendo concluír antes do 1 de xaneiro de 2010.

SEGUNDO.- Requirir a adjudicataria HERMANOS PICO YÁÑEZ, S.L. co C.I.F. B-27.150.572, e con domicilio en Santa Cristina, 10. 27377 Cospeito (Lugo para que ós efectos de proceder á formalización do correspondente contrato administrativo dentro do prazo regulamentariamente establecido e previa a sinatura do mesmo, efectúe o pagamento dos gastos derivados da contratación e formalización do mesmo (53,40 € polos gastos de anuncios de licitación e 216,53 € polas taxas de formalización do contrato), e presente a documentación acreditativa de posuír seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puideran derivarse da relación contractual co Excmá. Concello de Lugo e o recibo do último pago da devandita póliza.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de adjudicación definitiva no perfil de contratante do Concello de Lugo.

CUARTO.- Dar traslado da presente resolución ás partes interesadas e dependencias municipais afectadas.

Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Cúmprase.